

INFORMACIÓN RELATIVA Á COBERTURA DO SEGURO DE ACCIDENTES “CARTÓNS DE NAVEGANTES”

O seguro, concertado coa compañía aseguradora *MGS, Seguros e Reaseguros*, cubre os **accidentes acaecidos polos navegantes participantes en actividades organizadas pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial así como polas entidades socias.**

1. Garantías e Capitais asegurados:

- Falecemento por accidente	12.000,00
- Invalidez permanente parcial por accidente ata (segundo baremo)	18.000,00
- Invalidez permanente absoluta por accidente	18.000,00
- Asistencia sanitaria	Incluída

2. Exclusiones:

- Quedan excluídos os maiores de 70 anos das indemnizacións por invalidez permanente (parcial e absoluta). Si quedaría cuberto a indemnización e garantías por falecemento e asistencia sanitaria por accidente.
- Quedan excluídos os menores de 14 anos da indemnización por falecemento. Si que quedarían cubertos os gastos de traslado (ata 600€) e sepelio (ata 1500 euros).
- Quedan excluídos os accidentes acaecidos con motivo dos desprazamentos de ida e volta para acudir ás actividades cubertas na descripción do risco.

3. Especificacións Asistencia Sanitaria:

- Están cubertos por esta garantía os gastos médicos, hospitalarios e farmacéuticos que se produzan ata o total curación do asegurado cun máximo de 365 días.
- Quedan excluídos os aparatos ortopédicos, estando incluídas as prótesis internas.
- A atención sanitaria será prestada en España sen límite algún no seu importe en centros médicos concertados. En caso de accidente, o asegurado deberá contactar co teléfono de **MGS asistencia 902.12.08.63 (opcións 4-1-1)** indicando o nome, DNI do ferido e tipo de lesión para a xestión do seu traslado e derivación ao centro de saúde/hospital concertado mais cercano. Este teléfono está operativo as 24 horas do día.
- Cando a asistencia sea prestada por médicos e establecementos de libre elección do asegurado, os custes quedarán limitados a 600€.
- Cando o accidente ocorra no extranxeiro a indemnización en concepto de asistencia sanitaria limitarase a 6.000 euros.

4. Custe do seguro anual por asegurado

- Xeral: Maiores de idade: 10€/ano
- Reducido: Menores de 18 anos, maiores de 70 anos: 5€/ano